

VII Certame "Os soños de cada un"

Bases Concurso de relatos

1. Poderán participar no certame as persoas con idades comprendidas entre 18 e 30 anos que presenten obras orixinais e inéditas escritas en castelán.

2. O tema dos traballos será libre. Non poderán levar sinatura nin ningún sinal que delate o seu autor ou autora. Os traballos presentaranse por cuádruplicado en formato DIN-A4, mecanografados a dobre espazo por unha soa cara, cunha extensión mínima de 20 e máxima de 25 páxinas. Aínda que as persoas participantes poden presentar máis dunha obra, só poderán recibir un dos premios. Non se admitirán os traballos enviados a través de soporte dixital ou vía Internet.

3. Os traballos presentaranse sen sinatura, utilizarase un pseudónimo e presentaranse nun sobre pechado sen máis indicacións no exterior que o título do relato e o pseudónimo. No interior, incluíranse datos persoais (nome e apelidos, teléfono de contacto, enderezo completo e idade), unha fotocopia do DNI e unha breve nota biográfica.

4. O prazo improrrogable de recepción de orixinais será o 15 de febreiro de 2010. Admitiranse aqueles envíos en cuxo sobre conste o cuño con data igual ou anterior á mencionada.

5. Os orixinais, xunto coa documentación en sobre pechado, remitiranse a:

"Os soños de cada un"

Biblioteca Pública Municipal

Avda. de Galicia, 32, 49028 Zamora, España

6. O xurado estará composto por persoas de autoridade no campo das letras. O devandito xurado poderá declarar desertos os premios, ou conceder

mencións especiais. A interpretación destas bases ou calquera outro aspecto non previsto nelas é competencia exclusiva do xurado.

7. A resolución do xurado, que será inapelable, farase pública no mes de abril de 2010.

8. Premios:

1.º Premio :1400 euros

2.º Premio: 700 euros

3.º Premio: 550 euros

Os traballos das persoas gañadoras serán publicados. Estes premios están suxeitos á lexislación vixente, así como ás deducións e retencións que a normativa fiscal sinala en cada momento.

Os devanditos premios contarán coa colaboración de Librería Mil Hojas e da Fundación Caja Rural de Zamora.

9. Os traballos premiados pasarán a ser propiedade da Biblioteca Pública Municipal. As obras non seleccionadas na modalidade de relato non serán devoltas aos seus autores ou autoras, e serán destruídas tras a resolución dos premios. Non se manterá correspondencia cos autores ou autoras das obras presentadas.

10. Os premios serán entregados no transcurso dun acto organizado polo Excmo. Concello de Zamora. Ao devandito acto deberán asistir os autores ou autoras premiadas ou as persoas que os representen, debidamente acreditadas. A non asistencia suporá a renuncia ao premio.

11. Non poderán presentarse ao certame as persoas que obtivesen algún premio nas dúas últimas convocatorias.

12. A presentación de traballos a este certame supón a aceptación total destas bases.